

1982



“(...)

Polo mar, as velas  
eran folerpiñas,  
que da lúa aberta  
nas ágoas caíran.

Da beira do río  
chegaban cantigas  
choutando nas leiras  
molladas de risas.

Preto do hourizante  
estrelas obrizas  
frotaban os ollos  
tirando a preguiza.

E bicando os lonxes  
as foulas ispidas  
ó alén nevaban  
de limpas surrisas.

Un outo aturuxo  
voando fuxía.  
E os bosques lonxanos  
noite revertían.”

“Sol-por”, *Proel* (1927)

“O poeta combinou imaxes vanguardistas con metros e ritmos populares, para ofrecer unha visión plástica e animadora da campía. Amado Carballo soupo sintonizar as correntes líricas do seu tempo co tradicionalismo formal da poesía galega. Cantou así, con habelencia, dun xeito novo nunha métrica vella.”

*Historia da literatura galega* (1951), Francisco Fernández del Riego

# LUIS AMADO CARBALLO

(Pontevedra, 1901 – 1927)

Foi un mestre, poeta, narrador e xornalista galego. Estudou Maxisterio en Pontevedra, exerceu como mestre e xornalista, e foi membro das Irmandades da Fala. En 1919 marchou a Madrid, onde colaborou co xornal *La Tribuna* e, en 1922, de volta en Pontevedra, fundou xunto con Xoán Vidal Martínez a revista *Alborada*, ademais de colaborar con diversos xornais coma *A Nosa Terra*, *El Pueblo Gallego*, *La Concordia* ou *Vida Gallega*.

## GRANDES ÉXITOS



1927

*Proel* (1927) é o poemario publicado por *Alborada*. A súa poética encádrase no movemento hilozoísta, no cal a natureza é a principal protagonista e aparece humanizada, con alma propia. O emprego da prosopopeia e de imaxes cromáticas innovadoras colócanlo como principal autor desta corrente que mestura un espírito vangardista cunha feitura tradicional.

*O galo* (1928) é un poemario publicado postumamente e que continúa en parte o roncel do libro anterior. De feito, é moi común que se editen de maneira conxunta.



1928

Outras das súas obras son *Maliaxe* (1922) e *Os probes de Deus* (1925).

